



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

APORTACIÓNS DO CEESG A NORMATIVAS E PLANS

No Goberno galego estanse a elaborar neste momento multitude de plans e normativas que rexerán as políticas e actuacións en diversos ámbitos nos próximos anos, moitos deles vinculados á Educación Social.

Dende o cambio do Goberno na nosa comunidade, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia leva feito achegas a diversos documentos. Algunhas destas normativas son específicas sobre algún recurso concreto (*Decreto que regula os Puntos de Encontro Familiar; Orde pola que se regula a acreditación de programas de prevención do consumo de drogas e se constitúe o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias*). Outras son planificacións xerais que establecerán as liñas básicas que han de rexer as políticas e actuacións dos vindeiros anos en determinados ámbitos (*Mapa de Servizos Sociais; Plan de Saúde; Plan de Galicia sobre Drogas, Carta de Dereitos dos Cidadáns, Plan Estratégico Galego da Infancia e da Adolescencia*). E caso a parte é a nova *Lei Galega de Servizos Sociais* que como todos comprendemos é de vital importancia para a nosa profesión xa que determinará o funcionamento dos Servizos Sociais en tódolos niveis a partir da súa aprobación, introducindo cambios importantes.

Neste momento dende o CEESG estanse a revisar o *II Plan Galego de Inclusión Social*, o *IV Plan Integral de Apoio á Familia*, o proxecto de *Decreto polo que se regula o catálogo de servizos e prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia*, o proxecto de *Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia* e tamén o proxecto de *Decreto polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social Especializada para persoas que padecen Alzheimer e outras demencias*.

Consideramos que esta proliferación de documentos é positiva, xa que as políticas e actuacións e estratexias da administración deben ser planificadas e organizadas.

A participación do colexio na elaboración destes documentos é diferente segundo o caso.

O proceso participativo para a elaboración do *IV Plan Integral de Apoio á Familia* está sendo coordinado pola empresa *Cidadanía* conxuntamente coa Secretaría Xeral de Igualdade e difundido a través da web www.igualdadegaliza.org, na que se poden descargar todos os documentos vinculados ao Plan. O CEESG está presente na mesa *Familias e Educación*, e as persoas designadas para isto levan participado xa nos

últimos meses en diversas reunións cos técnicos encargados da coordinación para elaboración do plan, así coma cos membros da mesa.

No caso do *Plan Estratégico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010*, ao que fixemos chegar aportacións neste último mes, xa a mediados de 2006 dende a Secretaría Xeral de Benestar se organizaron dous encontros ao que foron convocadas diversas entidades, para comezar xa a traballar en diversos aspectos. Sen embargo, o borrador do plan non foi recibido no CEESG ata o día 21 de xuño do presente ano, e incluso é sorprendente ver que hai algunhas actuacións contempladas no Plan que xa se están a levar a cabo, a pesar de non terse aprobado aínda o documento definitivo.

Outro dos documentos que estamos a revisar dende o colexio é o *II Plan Galego de Inclusión Social*. Neste caso o borrador publicouse na web www.benestargaliza.org, sen convocarnos expresamente para facer as nosas achegas.

Tamén se está a estudar neste momento o proxecto de *Decreto polo que se regula o catálogo de servizos e prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia* e o proxecto de *Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia*. Neste caso a participación fíxose a través do Consello Galego de Servizos Sociais, que tivo unha xuntanza extraordinaria para este asunto. A pesar de que o CEESG non forma oficialmente parte do Consello polo momento, adquiriu o compromiso nesta última xuntanza de analizar estas dúas normativas e facer aportacións.

Este traballo de revisión e elaboración de aportacións teñen para o colexio unha alta prioridade, xa que o consideramos de suma importancia. Así, concentra moitos esforzos por parte da Xunta de Goberno e do persoal do colexio e nalgunha ocasión é necesario priorizar estes asuntos sobre outros servizos do CEESG.

A participación das colexiadas e dos colexiados nestes procesos é recomendable, xa que pode enriquecer o traballo resultante. Por isto, animámosvos a todas e todos a que fagades as vosas achegas para contemplalas nos documentos definitivos que se elaboren no colexio para facelos chegar á administración. Se non dispoñedes da documentación correspondente podedes solicitala ó Colexio e enviarásevos por correo electrónico.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Audiencia o día 2 de xullo con D. Víctor Pedreira Crespo, Subdirector Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias (por delegación da Conselleira de Sanidade) para a revisión das aportacións aos diversos plans e normativas que a Consellería de Sanidade publicou recentemente. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- ✓ Reunión de constitución da Comisión de Traballo sobre a incorporación da figura das Educadoras e Educadores Sociais aos centros de ensino, o día 2 de xullo. Forman parte desta comisión representantes das tres Universidades galegas, do movemento de renovación pedagóxica *Nova Escola Galega* e do CEESG.
- ✓ Envío de escrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria solicitando a designación dun representante que forme parte de xeito permanente da Comisión de Traballo do CEESG sobre a incorporación da figura das Educadoras e Educadores Sociais aos centros de ensino. Acompáñase o dossier dos escritos recibidos no CEESG apoiando esta reivindicación.
- ✓ Envío a D. Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, do dossier de escritos recibidos no CEESG apoiando a incorporación da figura das Educadoras e Educadores Sociais aos centros de ensino.
- ✓ Envío á Secretaría Xeral do Benestar de aportacións ao *Plan Estratégico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010*.
- ✓ Entrevista telefónica concedida por Laura Cruz López, Secretaria do CEESG, ao xornal dixital *GZnacion.com*, en relación ao *Plan Estratégico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010* que se está a elaborar dende a Secretaría Xeral de Igualdade.
- ✓ Asistencia ao acto de presentación do *Plan Estratégico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011*, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 13 de xullo. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- ✓ Audiencia o día 18 de xullo con D. José Luis Canosa, Subdirector Xeral de Persoal da Consellería de Educación (por delegación da Conselleira) para expoñer a necesidade de incorporar profesionais da Educación Social nos centros escolares. Asistiron M^a José Fernández, Alfonso Tembrás e Montse Sánchez, Presidenta, Vicepresidente e empregada do CEESG.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- “Memoria anual 2003”. Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.
- “Cristalización de un sueño. Plan global para mejorar la situación socio-profesional de las personas con discapacidad psíquica en la comarca de la Conca de Barberà”. Asociación APRODISCA (Asociación Pro Personas con Disminución Psíquica de la Conca de Barberà). (Video VHS)
- *Recompilación normativa 2006. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar*. Xunta de Galicia.
- Revista “Educación Social”. Monográfico sobre Educación Social e Ambiental: a sostibilidade como horizonte común. Nº 35. Xaneiro-abril 2007. Fundación Pere Tarrés.
- Revista Educar(NOS). Nº 37. II época. Xaneiro-marzo 2007. Grupo Milani.
- Boletín Informativo “CEOMA”. Nº 13. Xuño 2007. Confederación Española de Organizacións de Maiores.
- Boletín “Aldizkaria” Nº 142. Xullo 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Xornal “Infoxove”. Nº 15. Xullo 2007. Xunta de Galicia
- Xornal “Entre Mayores”. Nº 70. Xullo-agosto 2007.

ARTIGO DE INTERESE:

BOLSAS PARA A INSCRICIÓN NO V CONGRESO ESTATAL DO EDUCADOR/A SOCIAL

O CEESG convoca 20 bolsas para a inscrición no **V Congreso Estatal do Educador e a Educadora Social**, que leva por título **“A profesionalización, percorridos e retratos dunha profesión”**.

Estas bolsas supoñen o financiamento do custo da cota de inscrición. Para poder optar a elas son requisitos imprescindibles:

- Ser colexiada/o do CEESG e atoparse en situación de alta e ao corrente de pagos.
- Presentar unha comunicación ou póster e que sexa aceptada.
- Incluír na comunicación ou póster o anagrama do CEESG.

As persoas interesadas deben enviar a comunicación ou póster á sede do CEESG xunto á inscrición no V Congreso (con toda a documentación que se solicite para isto) e dende o colexio remitirémola á organización do V Congreso. A documentación necesaria para a inscrición pode consultarse na web do congreso: www.eduso.net/congresotoledo.

A concesión destas bolsas farase por estrita orde de entrada das solicitudes.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS E EXPERIENCIAS FOI AMPLIADO UN MES (ATA O 23 DE AGOSTO)

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

O MANEXO DE SITUACIÓNS CONFLITIVAS NA INTERVENCIÓN EN SERVIZOS SOCIAIS

Organiza: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Lugar: Santiago de Compostela.

Datas: do 10 ao 13 de setembro.

Duración: 20 h.

Máis información: Dirección Xeral de Inclusión Social.

Tel: 91 363 74 85

mvelascob@mtas.es

<http://www.mtas.es/SGAS/Formacion/Plan2007/Oferta07.htm>

A INTERVENCIÓN EDUCATIVA CON CONSUMIDORES DE DROGAS EN RECURSOS DE REDUCIÓN DE DANOS. AS NARCOSALAS E O TEATRO

Organiza: Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya.

Lugar: Barcelona.

Datas: do 8 ao 29 de outubro.

Máis información: Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya.

<http://www.ceesc.es>

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Caldas de Reis (Pontevedra): Aprobación da Oferta de Emprego público 2007. Unha praza de Animador sociocultural (BOP de 12/07/07)

OUTROS

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se rexistra e publica o VI Convenio colectivo de ensinanza e formación non regrada (BOE de 30/06/07)

Consellería de Traballo: Resolución pola que se dispón o rexistro o depósito e a publicación no DOG do convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 2/07/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de educadores bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña (DOG de 2/07/07)

Parlamento europeo e Consello da Unión Europea: Decisión pola que se establece para o período 2007-2013 un programa específico para previr e combater a violencia exercida sobre os nenos, xóvenes e mulleres e protexer ás vítimas e grupos de risco (programa Daphne III) integrado no programa xeral "Dereitos fundamentais e xustiza" (DOUE de 3/07/07)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se publica a convocatoria de programas para o seu financiamento polo Fondo Europeo para os Refuxiados (BOE de 10/07/07)

Consellería do Medio Rural: Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a equipamentos para o fortalecemento do tecido asociativo no medio rural e se convocan para o ano 2007 (DOG de 11/07/07)

Consellería de Medio Rural: Orde pola que se convocan subvencións destinadas a fomentar o desenvolvemento das mulleres no medio rural. (DOG de 19/07/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas destinadas á realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. (DOG de 20/07/07)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, sobre o procedemento a seguir para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (BOE de 23/07/07)

OUTRAS CONVOCATORIAS

I PREMIO BMS/OTSUKA

Convoca: Fundación Bristol-Myers Squibb España.

Obxecto: Premio ao mellor proxecto de integración sociolaboral das persoas con esquizofrenia. A convocatoria dirixese a proxectos realizados por equipos de traballo que traballen en diferentes campos relacionados coa integración social e laboral das persoas con esquizofrenia e outras enfermidades mentais. Por exemplo, a través de titorías, de centros de día, obradoiros laborais, programas de pisos asistidos, elaboración de material educativo, programas de rehabilitación psicosocial e/ou laboral, accións de sensibilización social, programas de ocio e tempo libre, etc.

Dotación: Primeiro premio: 20.000 €. Segundo premio: 10.000 €. Tres accésit de 3.000 € cada un.

Prazo: ata o 30 de agosto.

Máis información: Fundación Bristol-Myers Squibb España.

<https://www.esquizofreniaonline.com/premiobms-otsuka/index.asp>

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

